

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 27 DE FEBREIRO DE 2020

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de febreiro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites, de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona María Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de febreiro de 2020, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202002271900320000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente número 1/2020

Acceso á videoacta – 00:00:31 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, de data 17 de febreiro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas e gastos que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 3.434,17 euros.

Visto que as facturas e gastos que se pretende aprobar non se aprobaron, con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra, non terse conformado polos responsables do contrato ou ben por mor da acumulación de tarefas ao fin do exercicio na intervención municipal.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. ("Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicariáanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 1/2020 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2020 por importe de 3.434,17 euros, correspondente ás facturas e gastos, que se relacionan a continuación:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2019/3726	14/11/2019	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	179,77
F/2019/3727	14/11/2019	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	102,00
F/2019/3754	15/11/2019	B15112238	CONSTRUCCION VISANYO, S.L.	641,30
F/2019/3940	05/12/2019	H15284771	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS GRADUIL Nº 12	187,61
F/2019/4083	19/12/2019	B70285952	MANU SPORTS CAMBRE S.L.	99,99
F/2019/4129	26/12/2019	B70342415	XOFERGAL, S.L.	100,00
F/2019/4145	27/12/2019	32760416K	MOURINO CANDAL JOSE ANTONIO	6,00
F/2020/140	14/01/2020	78790056Z	ARES SANCHEZ SERGIO	2.117,50
			TOTAL	3.434,17 euros

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Terceiro.- Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar o reparo emitido pola intervención co fin de que estes non se repitan."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de febreiro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.2. Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente número 2/2020

Acceso á videoacta – 00:02:26 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, de data 17 de febreiro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 86.012,09 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra, non terse conformado polos responsables do contrato ou ben por mor da acumulacion de tarefas ao fin do exercicio na intervención municipal.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicariáanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Levantar os reparos formulados pola intervención municipal.

Segundo.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 2/2020 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2020 por importe de 86.012,09 euros, correspondente ás facturas que se relacionan a continuación:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2019/2481	03/07/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	141,29
F/2019/2711	17/07/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	79,19
F/2019/2712	17/07/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	71,62
F/2019/2713	17/07/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	105,15
F/2019/2715	17/07/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	56,46
F/2019/2716	17/07/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	103,67
F/2019/2717	17/07/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	64,75
F/2019/2719	17/07/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	78,13
F/2019/2720	17/07/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	126,34
F/2019/2721	17/07/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	116,10
F/2019/2722	17/07/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	72,07



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2019/3589	04/11/2019	B15999857	LUZ CORUNA, S.L.	114,95
F/2019/3699	13/11/2019	32789265M	GONZALEZ MENDEZ MANUEL	2,59
F/2019/3786	25/11/2019	B15918469	PANTIN DO MEIRAL, S.L.	286,77
F/2019/3802	27/11/2019	B36112043	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	229,17
F/2019/3874	02/12/2019	B70101530	PIROTECNIA ROCHA AREAS, S.L.	471,90
F/2019/3922	05/12/2019	B15890809	HEBE SPORT, S.L.	24.353,09
F/2019/3936	05/12/2019	B70284534	GALAICA PARQUES Y JARDINES, S.L.	494,10
F/2019/3942	05/12/2019	B70284534	GALAICA PARQUES Y JARDINES, S.L.	62,11
F/2019/3943	05/12/2019	B70284534	GALAICA PARQUES Y JARDINES, S.L.	16,82
F/2019/3944	05/12/2019	B70284534	GALAICA PARQUES Y JARDINES, S.L.	51,25
F/2019/3945	05/12/2019	B70284534	GALAICA PARQUES Y JARDINES, S.L.	4,49
F/2019/3946	05/12/2019	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	119,64
F/2019/3997	11/12/2019	B27304443	VIDA LACTEA, S.L.U.	41.541,50
F/2019/4005	11/12/2019	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO, S.L.	815,65
F/2019/4006	11/12/2019	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO, S.L.	746,38
F/2019/4071	19/12/2019	B70576095	AUTOTALLER JM ASOCIADOS 2019 S.L.	272,46
F/2019/4089	18/12/2019	32789265M	GONZALEZ MENDEZ MANUEL	248,30
F/2019/4091	18/12/2019	32789265M	GONZALEZ MENDEZ MANUEL	135,81
F/2019/4092	18/12/2019	32789265M	GONZALEZ MENDEZ MANUEL	33,00
F/2019/4102	21/12/2019	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	358,85
F/2019/4113	20/12/2019	J70337720	NOVA CRISTALERIA, S.C.	181,89
F/2019/4137	26/12/2019	B15436215	BOSCH SEGURIDAD Y CONTROL S.L.	58,08
F/2019/4142	27/12/2019	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	604,98
F/2019/4150	30/12/2019	B15818602	IGNACIO BENEDETI CINEMA, S.L.	653,40
F/2019/4153	26/12/2019	G70576533	CAMBRE TEATRO AMADOR (CAMTHEAM)	500,00
F/2019/4183	30/12/2019	76367470H	CERNADAS LOPEZ MONTSERRAT (FLORISTERIA SIEMPREVERDE)	150,00
F/2020/29	02/01/2020	B70511712	SOCIEDAD TIRO OLIMPICO A REGA, S.L.	1.110,78
F/2020/67	09/01/2020	B70346515	TALLERES DAE, S.L.	279,99
F/2020/80	10/01/2020	B36650992	ASCENSORES ENOR, S.L.	331,60
F/2020/83	10/01/2020	B36650992	ASCENSORES ENOR, S.L.	331,60
F/2020/94	14/01/2020	B15986029	LUFISA SERVICIOS, S.L.	72,36
F/2020/109	03/01/2020	33273653J	MOURE GOSENJE JAVIER	1.312,85
F/2020/112	08/01/2020	J15210990	CARLOS PAN SEIJO Y OTRO, S.C. (JUNCAR)	169,40
F/2020/137	13/01/2020	32775849K	DE LABRA SUAREZ MARIA DEL CARMEN	150,00
F/2020/138	13/01/2020	32775849K	DE LABRA SUAREZ MARIA DEL CARMEN	30,00
F/2020/141	15/01/2020	B15360902	CANARGA S.L.	125,24
F/2020/143	15/01/2020	B15754682	JARDANAY S.L.	4.590,96
F/2020/187	21/01/2020	B70084272	DINAMO XESTION DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAI, S.L.	2.035,00
F/2020/191	21/01/2020	B15901614	AUTO-REPARACIONES SIGRAS, S.L.	841,03
F/2020/201	23/01/2020	B15901614	AUTO-REPARACIONES SIGRAS, S.L.	1.109,33
			TOTAL	86.012,09 euros

Terceiro.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Cuarto.- Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar o reparo emitido pola intervención co fin de que estes non se repitan.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de febreiro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto,

dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). E abstéñense os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.3. Aprobación inicial, se procede, da modificación da Relación de Postos de Traballo para a inclusión de dous postos novos de persoal eventual

Acceso á videoacta – 00:06:46 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, de data 17 de febreiro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

«Vista a providencia da Concellería delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos do pasado 11 de febreiro de 2020 sobre a modificación da Relación de Postos de Traballo (R.P.T.) para a inclusión nela de dous postos novos de persoal eventual.

Visto o informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, co conforme da secretaria xeral e do interventor municipal, de data 17 de febreiro de 2020.

Tendo en conta que o órgano competente para a aprobación desta modificación da R.P.T. é o Pleno da Corporación, de acordo co artigo 22-2.i da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sen que para iso se esixa unha maioría cualificada.

Por todo o exposto propono ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo para a inclusión nela de dous novos postos de persoal eventual coas características que se indican:

Denominación	Funcións	Subgrupo	Comp. Destino	Comp.Específico
Asesor/a Alcaldía	De confianza	C-2	18	14.223,06
Asesor/a de Patrimonio	De confianza	C-2	18	7.111,53

Segundo: Someter a información pública a través de anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* o presente acordo modificativo da Relación de Postos de Traballo, así como o seu expediente polo prazo de 20 días, de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Transcorrido o devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a Relación de Postos de Traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva logo da resolución das reclamacións, suxestións ou reclamacións presentadas, de acordo co artigo 202 da Lei 2/2015 indicado.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de febreiro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez

Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común). Abstéñense os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.4. Aprobación, se procede, do Regulamento para a asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre

Acceso á videoacta – 00:17:38 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, de data 17 de febreiro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“Vista a providencia da Concellería delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos do pasado 7 de novembro de 2019 sobre redacción de proposta de criterios para a distribución e asignación individualizada do complemento de produtividade.

Visto o informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, co conforme da secretaria xeral e do interventor municipal, de data 17 de febreiro de 2020.

Tendo en conta que de conformidade co apartado 6º do artigo 5 do Real Decreto 861/1986 corresponderalle ao alcalde, sen prexuízo das delegacións que haxa o poida conferir, a asignación individual do complemento de produtividade con suxeición aos criterios que establece o Pleno, por iso, e porque estamos en presenza dunha disposición administrativa de carácter xeral propia da potestade regulamentaria das corporacións locais, cuxa competencia conforme ao artigo 22-2 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local correspóndelle ao Pleno, é a este órgano colexiado ao que lle corresponderá a aprobación deste Regulamento.

Por todo o exposto propono ao Pleno municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Regulamento para asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre que literalmente a continuación se transcribe:

«EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 24 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, establece que a contía e estrutura das retribucións complementarias dos funcionarios se establecerán polas correspondentes leis de cada Administración Pública atendendo, entre outros factores, ao “grao de interese, iniciativa ou esforzo con que o funcionario desempeña o seu traballo e o rendemento ou resultados obtidos”, tal e como se establece no apartado c) do mesmo.

Pola súa parte a Disposición Transitoria Décima da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia determina que entrementes non se resolva regulamentariamente o procedemento de avaliación do desempeño o complemento retributivo de desempeño previsto nesta Lei substituírse por un complemento de produtividade que retribuirá o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que o persoal funcionario desempeña o seu traballo, así como que a asignación deste complemento se realizará conforme a criterios obxectivos establecidos regulamentariamente.

Por outro lado, o Real Decreto 861/1986 polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local se refire a este complemento de produtividade no seu artigo 5º para sinalar, ademais de que retribuirá os factores antes sinalados, que a súa apreciación deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados a este, e que en

ningún caso as súas contías durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En moitas ocasións os empregados públicos non só cumpren coas funcións asignadas ao seu correspondente posto e coas obrigacións que lles incumben no exercicio do seu traballo, senón que, ademais, mostran unha especial implicación e unha actividade que vai mais alá do normalmente esixible, en cantidade e calidade, contribuíndo á mellora da eficiencia e eficacia dos servizos públicos que prestan as Administracións Públicas e en especial a local, tan próxima ao cidadán. Por iso, como factor impulsor da motivación do empregado público e do obxectivo de mellora permanente da actuación pública, o lexislador preveu a posibilidade de instaurar un complemento retributivo ligado ao desempeño do posto de traballo.

Mediante o presente Regulamento régulase a concesión e percepción do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre e por iso a valoración do especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou a iniciativa coa que os funcionarios deste Concello desempeñan as súas funcións, no marco establecido pola normativa sobre función pública e segundo as previsións que o orzamento municipal dispoña sobre este concepto, para incentivar unha maior e mellor calidade na prestación do servizo e motivar a aqueles empregados públicos cuxa actitude no desempeño do seu traballo sexa mais favorable e de maior implicación.

Capítulo I.- Obxecto e ámbito de aplicación.

Artigo 1.- O complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria o interese ou a iniciativa do persoal ao servizo do Concello de Cambre. Concíbese como un elemento retributivo motivador e de incentivo do persoal cuxa actitude e esforzo no desempeño do seu posto de traballo vai mais alá do esixible.

A asignación do complemento de produtividade responderá aos principios de transparencia, imparcialidade, obxectividade e non discriminación.

En ningún caso a percepción deste complemento implicará dereito ningún ao seu mantemento.

Artigo 2.- O presente Regulamento será de aplicación ao persoal do Concello de Cambre que ostente a condición de funcionario de carreira así como tamén ao funcionario interino que ocupe praza do cadro de persoal ou que fose nomeado para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada, así como aos contratados laborais fixos ou contratados laborais temporais que ocupen praza do cadro de persoal interinamente ou que o sexan por obra ou servizo determinado.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste Regulamento os empregados públicos adscritos a programas de formación e emprego subvencionados por outras Administracións Públicas ou derivados de convenios específicos con estas, así como os funcionarios interinos por acumulación de tarefas ou contratados laborais temporais por esta mesma causa e o persoal eventual.

Artigo 3.- A asignación do complemento de produtividade esixe necesariamente a presenza no posto de traballo, pois non doutro xeito se poderá verificar o esforzo persoal e o especial desempeño deste, supoñendo, pois, a ausencia do traballo a ausencia de avaliación e por tanto a ausencia de aboamento do complemento de produtividade na parte proporcional ao período no que se tivera producido a ausencia.

Este complemento non se recibirá pois nos casos nos que non se realice a xornada laboral completa, detraéndose a parte proporcional correspondente da xornada non realizada por calquera causa, incluíndo as ausencias por incapacidade temporal por enfermidade común ou por accidente ou enfermidade laboral, ou por enfermidade sen baixa médica.

A estes efectos os días de vacacións e os días de permisos retribuídos relacionados no artigo 48 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, ou norma que o substitúa ou desenvolva, serán considerados días traballados ao igual que os días de asistencia a cursos de formación relacionados co posto de traballo.

A detración da parte proporcional do complemento de produtividade por xornada non realizada realizarase en cómputo mensual tomando 22 días hábiles de traballo mensuais, independentemente do mes de que se trate, ou no seu caso a fracción-hora correspondente ao horario de traballo.

Capítulo II.- Procedemento de avaliación e concesión.

Artigo 4.- A valoración do rendemento do persoal de cada unidade administrativa realizarase de forma trimestral polo xefe da área, do servizo ou do departamento correspondente, co visto e praxe do concelleiro delegado deste, e en función dos criterios que se determinan no Capítulo seguinte deste Regulamento.

No suposto de non existir xefatura de área, de servizo ou de sección nun departamento, a valoración realizarase por esta orde:

- Quen ostente un posto de xefatura no departamento.
- Quen posúa relación inmediata de xerarquía co avaliado.
- Quen ostente a clasificación profesional máis elevada do departamento de que se trate.

No suposto de non existir ningún dos anteriores a valoración será realizada pola Concellería delegada correspondente, e no seu defecto pola Alcaldía.

A avaliación do complemento de produtividade dos funcionarios con habilitación de carácter nacional e dos xefes de área, servizo ou departamento será realizada pola Concellería delegada correspondente e no seu defecto pola Alcaldía.

Corresponde á Concellería delegada en materia de persoal a concesión do complemento de produtividade aos empregados públicos do Concello de Cambre, se tal Concellería delegada non existira tal competencia corresponderalle á Alcaldía.

Artigo 5.- A valoración do rendemento do persoal expresará de forma individualizada a cualificación obtida na ficha cualificadora que figura no Anexo I deste Regulamento e indicará expresamente as circunstancias que se tiveron en conta en cada caso para o que se achegarán as fichas explicativas dos criterios que figuran no Anexo II deste Regulamento.

As valoracións efectuadas co visto e praxe do concelleiro/a delegado/a correspondente remitiranse polas xefaturas de área, servizo ou departamento á unidade de Réxime Interior antes do día 10 dos meses de xaneiro, abril, xullo e outubro para que nas nóminas dos ditos meses se aboe, se procede, o complemento de produtividade correspondente ao trimestre anterior valorado. Os trimestres pois a valorar son os seguintes: de xaneiro a marzo, de abril a xuño, de xullo a setembro e de outubro a decembro.

Recibidas as fichas cualificadoras na unidade de Réxime Interior por esta se procederá a detraer do complemento de produtividade asignado a parte proporcional correspondente polas xornadas non realizadas, se procedera, de conformidade co artigo 3 deste Regulamento.

Artigo 6.- A valoración de cada empregado público nos distintos apartados contidos na ficha cualificadora, que se corresponden cos criterios de valoración recollidos no artigo seguinte, será nos termos de "Aceptable" ou "Non aceptable".

Aqueles apartados desta ficha cualificados como "Non aceptable" ou sen un "Aceptable" non darán dereito á percepción do complemento de produtividade na porcentaxe correspondente determinada para cada un dos criterios de valoración no artigo seguinte.

Capítulo III.- Criterios e porcentaxes para a asignación do complemento de produtividade.

Artigo 7.- Os criterios ordinarios para a valoración do rendemento e desempeño do posto de traballo que determinarán a asignación do complemento de produtividade son os seguintes:

1º.- Grao de resolución de tarefas e servizos:

Céntrase na actitude cara ao traballo, unha actitude activa e dinámica cara ao traballo indica un interese e unha boa disposición do persoal municipal cara á súa profesión.

2º.- Trato coa cidadanía:

Céntrase nas actividades que requiren comunicación externa coa cidadanía. Valórase o captar, percibir e tramitar as solicitudes da cidadanía con orientación a prestar un servizo de calidade. A imparcialidade, equidade, educación, cordialidade e respecto cara á cidadanía son valores a ter en conta.

3º.- Responsabilidade:

Céntrase na disposición para aceptar os deberes e as obrigacións do posto de traballo. Neste criterio avalíase se o empregado público acepta e asume plenamente as responsabilidades que lle corresponden.

4º.- Traballo en equipo:

Céntrase na actitude para traballar cos demais e en equipo.

No Anexo II deste Regulamento relaciónanse as fichas explicativas destes criterios, os puntos a observar para cada un deles e os motivos para unha avaliación aceptable ou non aceptable.

A cada un destes catro criterios corresponderalle o 25% do importe trimestral do complemento de produtividade recollido no Anexo III deste Regulamento polo que a cualificación de "aceptable" en cada un deles implicará a asignación do 100% do seu importe, que se reducirá proporcionalmente nos supostos de ausencia do posto de traballo aos que se refire o artigo 3 do presente Regulamento.

Marcar un só suposto de "non aceptable" das fichas explicativas dos catro criterios recollidos no Anexo II deste Regulamento provocará que na ficha cualificadora se valore como "non aceptable" o criterio de valoración correspondente e se detraia do complemento de produtividade trimestral o 25% que a este criterio lle corresponde. O mesmo ocorrerá se nas fichas explicativas dos criterios deste Anexo II non figura marcado ningún suposto de "aceptable" o cal provocará que na ficha cualificadora tampouco figure marcado con un "aceptable" o criterio correspondente.

Marcar un so suposto de "aceptable" das fichas explicativas dos criterios recollidos no Anexo II deste Regulamento, sen que estea marcado ningún "non aceptable", será suficiente para que na ficha cualificadora se valore como aceptable o criterio de valoración correspondente e se lle aplique a porcentaxe do 25% do complemento de produtividade trimestral que lle corresponde.

Artigo 8.- O remanente do complemento de produtividade polas reducións que se poidan producir nel con arranxo aos criterios que se contemplan no artigo precedente ou polas ausencias do posto de traballo distribuirase de maneira xustificada pola Xunta de Goberno local, na valoración correspondente ao último trimestre do ano, entre os empregados públicos municipais que non houbesen recibido unha cualificación de "non aceptable" por algún dos ditos criterios ao longo do ano natural e que asumisen tarefas extraordinarias que teñan carácter sobrevido dentro da xornada de traballo ou que tivesen unha actividade extraordinaria por ausencia de persoal do seu departamento, xa sexa por absentismo ou por existencia de vacantes non cubertas interinamente.

Artigo 9.- Outros criterios de asignación do complemento de produtividade:

- a) Por tarefas de posto superior.

Os empregados públicos municipais que realicen substitucións de persoal que exerza funcións de superior categoría percibirán como complemento de produtividade a diferenza entre os complementos de destino e específico do posto que ocupan e os do posto substituído.

Nestes casos o aboamento será mensual.

b) Por actividade extraordinaria.

O complemento de produtividade retribuiría os supostos nos que o empregado público circunstancialmente realiza traballos que sen ser dunha categoría superior son propios doutros postos de traballo da mesma área ou departamento ou doutras áreas ou departamentos e os supostos nos que empregados públicos en postos de responsabilidade leven a cabo unha actividade extraordinaria como consecuencia dos cometidos propios do posto de traballo.

Estes supostos de complemento de produtividade non teñen unha avaliación preestablecida ao corresponder a súa fixación á marxe de discrecionalidade na avaliación do desempeño do traballo por circunstancias sobrevidas, e será proposto de maneira razoada pola Concellería delegada á que estea adscrito o empregado público ou, no seu caso, pola Alcaldía, sendo concedido igualmente pola Concellería delegada de persoal ou, se non existe, pola Alcaldía dentro dos límites orzamentarios existentes para esta retribución complementaria.

O seu aboamento será mensual ou trimestral coincidindo cos trimestres establecidos no artigo 5 deste texto normativo.

Artigo 10.- Comisión de garantías da avaliación do rendemento e do desempeño.

1.- Esta Comisión constitúese como órgano colexiado permanente ao que lle corresponde coñecer cantas solicitudes de revisión ou alegacións se deriven do proceso de avaliación do rendemento e do desempeño do posto de traballo.

2.- A Comisión estará composta polo alcalde ou, no seu caso, concelleiro delegado de persoal ou recursos humanos que actuará como presidente, por un concelleiro membro da Xunta de Goberno designado pola Alcaldía, por un funcionario técnico do departamento de réxime interior ou recursos humanos designado pola Concellería delegada á que este departamento estea adscrito, por dous representantes da Xunta de Persoal designados por esta e pola secretaria/o da Corporación ou funcionario técnico en quen delegue que actuará como secretario/a da Comisión.

Os acordos adoptaranse por maioría simple e en caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente da comisión de garantías.

3.- As funcións desta comisión de garantías son:

- a) Estudar e realizar propostas para a resolución das alegacións ou solicitudes de revisión formuladas polo persoal avaliado fronte á cualificación do rendemento e desempeño realizada.
- b) Coñecer das queixas formuladas fronte aos defectos de tramitación do procedemento.
- c) Velar pola exacta aplicación dos criterios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non discriminación ao longo do proceso de avaliación do rendemento e do desempeño.

4.- No exercicio das súas funcións, e para o adecuado desenvolvemento delas, a Comisión de Garantías poderá recadar do funcionario implicado no proceso, do funcionario xefe do departamento ao que estea adscrito e/ou da Concellería delegada correspondente cantos datos e antecedentes considere oportunos, así como solicitar a súa asistencia se se considera pertinente para a aclaración dos temas a tratar.

Disposición Adicional.

Nos Anexos do presente Regulamento recóllense os modelos de fichas cualificadoras e explicativas dos criterios de valoración así como o importe trimestral do complemento de produtividade que non teñen carácter regulamentario polo que o seu contido ou importe poderá ser modificado polo órgano municipal competente sen que iso implique a tramitación de procedemento para a modificación do presente Regulamento.

Disposición Transitoria.

Recoñécense efectos retroactivos ás normas contidas no presente Regulamento desde o 1 de xaneiro de 2020 ata a súa data de entrada en vigor.

Disposición Final.

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa íntegra publicación no Boletín Oficial da Provincia, a cal será realizada unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65-2 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local.

ANEXO I. FICHA CUALIFICADORA

Asignación trimestral complemento de produtividade

Trimestre	
Empregado Público	
Área ou departamento	
Posto de traballo	

CRITERIOS	Marcar con X o que proceda		% de Complemento de produtividade
	Non aceptable	Aceptable	
Grao de resolución de tarefas e servizos			
Trato coa cidadanía			
Responsabilidade			
Traballo en equipo			

Total:

Xefe/Responsable:

Vº e Pr.

O alcalde/concelleira/o

Posto:

Cargo:

ANEXO II. Fichas explicativas dos criterios

Criterio 1: Grao de resolución de tarefas e servizos.

1.-Definición: Actitude cara ao traballo, conformidade, exactitude, eficacia do traballo, así como, capacidade para asumir gran cantidade de traballo.

2.- Puntos a observar:

- a) Realiza o traballo que se lle ordena, traballa con precisión, sen erros nin fallos.
- b) Aproveita ben o tempo.
- c) Mantén ao día seu cometido ou se esforza por mantelo, cumpre os prazos de finalización dos seus traballos.
- d) Coida os detalles mais pequenos chegando ao fondo do que fai.
- e) Utiliza os procedementos mais adecuados na execución e presentación dos traballos.

3.- Avaliación:

		Marcar con X o que proceda
Aceptable	-Axilidade e rapidez en executar o que se lle encomenda, ademais de posuír una boa calidade no seu traballo.	
	-Resolutivo e eficaz.	
	-Receptividade para novos cometidos ou os solicita.	
Non aceptable	-Posúe unha actitude pasiva ante o traballo. Non cobre o volume de tarefas que se lle asigna nin o xustifica.	
	-Habitualmente comete erros no seu traballo e non procura emendalos.	
	-Actitude pasiva ante necesidades de actividades extraordinarias que requiren do seu esforzo adicional para terminar tarefas urxentes.	

Criterio 2: Trato coa cidadanía.

1.- Definición: Corrección e habilidade para relacionarse coa comunidade dunha forma eficaz, cortés e imparcial, empática e sen discriminación por ningún motivo.

2.- Puntos a observar:

- a) Forma e modos con que leva a cabo o seu traballo.
- b) Habilidade e destreza para solucionar calquera problema.
- c) A deferencia e corrección no trato coa cidadanía.
- d) A capacidade de adaptación ás persoas e ás situacións.
- e) Manter un trato agradable e educado coa linguaxe correcta.

3.- Avaliación:

		Marcar con X o que proceda
Aceptable	-Obtén a consideración da cidadanía con facilidade e destreza, amosando habilidade no trato co interesado.	
Non aceptable	-Incapaz dunha relación normal coa cidadanía, trato desagradable co interesado.	
	-Difícilmente se adapta ás situacións e amosa pouca consideración cara aos demais. Falta de tacto e empatía.	

Criterio 3: Responsabilidade.

1.- Definición: Capacidade e disposición para aceptar os deberes e obrigas propios do seu posto de traballo.

2.- Puntos a observar:

- Realiza o traballo tal e como se lle manda.
- Implicase no traballo.
- Cando se lle confía un traballo faise responsable plenamente do mesmo.
- Mellora súa preparación persoal de cara ao traballo.

3.- Avaliación:

		Marcar con X o que proceda
Aceptable	-Excelente no manexo das súas responsabilidades, aceptando e afrontándoas.	
	-Actitude responsable na súa preparación profesional.	
	-Contribución eficaz ao cumprimento de instrucións	
Non aceptable	-Cústalle asumir a responsabilidade implícita no seu traballo e evita implicarse.	

Criterio 4: Traballo en equipo.

1.- Definición: Actitude positiva para traballar e colaborar co resto de compañeiros e superiores xerárquicos.

2.- Puntos a observar:

- Colabora e se implica na consecución dos obxectivos do seu departamento.
- Axuda aos demais compañeiros non seus cometidos se fai falta.
- Dinamiza ao equipo de traballo de cara á consecución dos obxectivos.
- Ten en conta a opinión e vontade do grupo.
- Acepta os erros persoais sen intentar escondelos e/ou atribuílos ao grupo ou a outros.
- Consegue que os seus compañeiros/as busquen a súa colaboración e aprecien traballar con el.

3.- Avaliación:

		Marcar con X o que proceda
Aceptable	-Colabora e se integra perfectamente no grupo. Ten carácter participativo de cara a cumprir os obxectivos do departamento.	
	-Predisposición para asumir substitucións de compañeiros ou realización de tarefas de prazas vacantes.	
Non aceptable	-Non colabora nin participa no grupo de traballo. Vai por libre.	
	-Non ten interese en integrarse ou cooperar co resto do persoal do departamento con colaboración mínima ou a desgusto.	
	-Actitude negativa no trato cos demais compañeiros e superiores xerárquicos.	

ANEXO III. Importe trimestral do complemento de produtividade

O importe trimestral máximo a percibir por cada empregado público en concepto de complemento de produtividade segundo os criterios establecidos no artigo 7 do presente Regulamento, no suposto de que acadara o 100% da puntuación, será de 500 euros, totalizando pois un importe anual máximo de 2.000,00 euros por empregado público.

O concello, á marxe do importe que resulte da aplicación do indicado na primeira alínea deste Anexo, deberá dotar no orzamento un importe maior en concepto de complemento de produtividade, con suxeición aos límites establecidos legalmente, destinado a dar cobertura ás outras situacións susceptibles de complemento de produtividade recollidas no artigo 9 deste Regulamento.»

Segundo: Expoñer o presente Regulamento a información pública a través dos anuncios a inserir no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos deste Concello polo prazo de 30 días durante os que poderá presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen pertinentes, de conformidade aos artigos 49 e 70-2 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local.

De non presentarse reclamacións ou suxestións este Regulamento considerarase aprobado definitivamente de acordo co artigo 49 da Lei 7/1985 indicada.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de febreiro de 2020.

Con data 26 de febreiro de 2020, consta escrito presentado por dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común e integrante do GM, rexistrado de entrada ao núm. 999/358, no que presenta unha emenda ao ditame emitido pola comisión informativa, isto en aplicación do disposto no artigo 115.1 e) do Regulamento orgánico municipal, que consta do seguinte teor literal:

“Se teña por presentada a seguinte emenda ao punto 1.4. Aprobación, se procede, do Regulamento para a asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre.

Artigo 10.2 do Regulamento para a asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre.

2.- A Comisión estará composta polo alcalde ou, no seu caso, concelleiro delegado de persoal ou recursos humanos que actuará como presidente, por un concelleiro membro da Xunta de Goberno designado pola Alcaldía, por un funcionario técnico do departamento de réxime interior ou recursos humanos designado pola Concellería delegada á que este departamento estea adscrito, por dous representantes da Xunta de Persoal designados por esta e pola secretaria/o da Corporación ou funcionario técnico en quen delegue que actuará como secretario/a da Comisión, **e por un membro de cada Grupo Municipal con representación na Corporación**".

Faise constar que durante o debate, o voceiro do PP, a concelleira de EU-Son en Común e a concelleira de C's, de conformidade co disposto no artigo 109.1 do Regulamento orgánico municipal, solicitan que o asunto quede sobre a mesa.

Así pois, finalizado o debate, polo presidente sométese a votación a petición de que o asunto quede sobre a mesa, co seguinte resultado: Votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei).

O Pleno municipal, por doce votos en contra, rexeita que o asunto quede sobre a mesa.

A continuación, pola presidencia sométese a votación a emenda presentada pola concelleira de EU-Son en Común, co seguinte resultado: Votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei).

O Pleno municipal, por doce votos en contra, rexeita a emenda presentada pola concelleira de EU-Son en Común.

A continuación, sometida a votación a proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). E abstéñense os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Faise constar que, cando son as vinte horas e corenta e oito minutos, momento no que corresponde tratar o punto 1.5 da orde do día, auséntase da sesión o señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, isto en aplicación do disposto no artigo 29 do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal: *“Os concelleiros deberanse abster de participar na deliberación, votación, decisión e execución de calquera asunto se concorren neles algunha das causas ás que se refire a lexislación sobre procedemento administrativo e a de contratos das administracións públicas...”*.

Durante a súa ausencia exerce a presidencia don Juan González Leirós, primeiro tenente de alcalde.

1.5. Aprobación inicial, se procede, da modificación puntual das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre na unidade de execución 8-B

Acceso á videoacta – 00:48:47 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, de data 17 de febreiro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“En relación co proxecto de modificación puntual das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre na unidade de execución nº 8 b) sita no Temple redactado polo arquitecto don Angel Luís Monteoliva.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal con data do 13 de febreiro de 2020.

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior con data do 14 de xaneiro de 2020.

Por esta Concellería delegada da Área de Urbanismo e Obras elévase ao Pleno municipal a seguinte proposta de **ACORDOS** a adoptar:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación puntual das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre na unidade de execución nº 8 b) redactada polo arquitecto don Angel Luís Monteoliva.

2º.- Someter este instrumento de planeamento, así como o seu expediente, a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, de conformidade co artigo 60-6 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

3º.- Trasladar esta documentación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, de conformidade co apartado 7 do artigo 60 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

4º.- Solicitar os informes sectoriais non autonómicos preceptivos esixidos despois da aprobación inicial de conformidade coa lexislación vixente.

5º.- Suspender o outorgamento de títulos habilitantes de natureza urbanística ou de actividades, xa sexan licenzas ou comunicacións previas, no ámbito territorial obxecto desta modificación puntual das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre durante o prazo máximo de dous anos contado a partir da data da aprobación inicial deste instrumento de planeamento, que se extinguirá en todo caso coa súa aprobación definitiva, de conformidade co artigo 47-2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.”

Consta nota de conformidade da secretaria municipal no informe-proposta emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 20 de febreiro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os sete concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). E abstéñense os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites).

O Pleno municipal, por once votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación esixida polo artigo 47.2. II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Cando son as vinte e unha horas e corenta e seis minutos reincorpórase á sesión o señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, quen volve a exercer a presidencia.

Así mesmo, auséntase da sesión don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG.

1.6. Aprobación inicial, se procede, das bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel de Cambre para o ano 2020

Acceso á videoacta – 01:46:46 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, de data 13 de febreiro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“O concello é a administración máis próxima ao cidadán e afronta a responsabilidade inmediata de promover a democratización do deporte orientando a súa estratexia cara á consolidación de programacións estables, con obxectivos a medio e longo prazo sobre un traballo baseado en obxectivos definidos, metodoloxía e calidade no recursos técnicos – humanos e coherencia nas programacións.

Dende hai anos asínase polo Concello de Cambre diferentes convenios de colaboración con distintas entidades de ámbito deportivo para o fomento e desenvolvemento no municipio do deporte de base.

O Departamento de Deportes ademais vén colaborando na promoción de deportistas de nivel de Cambre a través da concesión de bolsas para estes deportistas nos últimos anos.

Este ano, novamente, é intención desta concellería continuar con esta liña de actuación como principal medida de fomento ao deporte de nivel en Cambre, para o cal se pretende a aprobación dunha nova convocatoria onde se establezan os criterios e procedementos para conceder bolsas para deportistas de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Por todo iso, é polo que se propón ao Pleno adoptar os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobación inicialmente das bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2020, que se relacionan a continuación:

BASES CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS DE NIVEL DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O ANO 2020

A- Obxecto:

O obxecto da presente convocatoria é establecer os criterios e o procedemento para a concesión de bolsas a deportistas de nivel do Concello de Cambre, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade coa intención de fomentar o deporte de nivel entre os veciños do municipio.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas, públicas ou privadas, que se concedan para a mesma finalidade.

A dotación total da presente convocatoria é de 15.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2020/341/48910, cun límite máximo por bolseiro de 1.500,00 euros.

B- Destinatarios:

Poderán participar nesta convocatoria os deportistas do concello de Cambre que reúnan os seguintes requisitos:

1.- Ter a idade mínima de trece anos cumpridos no ano da solicitude con carácter xeral e en ximnasia rítmica, natación, salvamento e patinaxe artística, 10 anos cumpridos no ano da solicitude.

2.- Estar empadroado no Concello de Cambre cunha antigüidade de, polo menos, catro anos consecutivos, no ano da solicitude.

3.- Estar en posesión de licenza deportiva, vixente no momento da convocatoria e expedida pola federación deportiva correspondente.

4.- Acreditar nivel deportivo na especialidade, polo menos, o ano anterior ao da solicitude, e ter proxección nas previsións de futuro.

Nembargentes, os bolseiros que acrediten unha traxectoria deportiva de nivel, poderán acceder á presente convocatoria se a circunstancia de non poder acreditar nivel deportivo, o ano anterior ao da solicitude, é por mor dunha lesión que impida o desenvolvemento da súa actividade deportiva no 2019. Esta circunstancia deberá acreditarse cun informe da federación correspondente e cun certificado médico que indique o período de inactividade e a orixe e tipo de lesión deportiva. En todo caso a concesión quedará condicionada á efectiva realización do proxecto deportivo que se presente para a valoración da concesión da bolsa na presente convocatoria.

5.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

C- Documentación:

As solicitudes de bolsas presentaranse no Rexistro Xeral do concello, pola persoa interesada deportista de nivel ou por quen ostente a súa representación, no modelo normalizado que se facilitará neste rexistro ou na sección de deportes, e no que constará:

1. Solicitude da subvención segundo modelo normalizado.
2. Resumo do historial deportivo, obtido durante o ano 2019, no que haberá de constar as participacións e os resultados máis importantes obtidos en competicións autonómicas, nacionais ou internacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición; este historial haberá de vir dilixenciado co visto e prace da Federación deportiva correspondente en documento orixinal.
3. Proxecto deportivo, a desenvolver durante o ano 2020, no que se incluírá necesariamente:
 - 3.1.- Detalle das competicións ás que se asistiu e se pretende asistir no 2020, expresando a súa denominación, data, lugar, número e duración das competicións.
 - 3.2.- Nivel da competición (nacional, internacional).
 - 3.3.- Categoría da competición (absoluta, previa a absoluta...).
 - 3.4.- Orzamento de gastos e ingresos estimados da tempada.
4. Copia compulsada da licenza federativa ou do certificado federativo para a tempada 2020. Para a realización da compulsada será preciso presentar o orixinal da mesma no momento de realizar a solicitude.
5. Declaración xurada de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
6. Certificado de núm. IBAN da conta corrente do que sexa titular o solicitante.

A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado conlevará a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións que deban emitir a AEAT, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia, no seu caso, tal e como establece o artigo 20.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón os certificados de cumprimento de obrigas.

Incorporarase de oficio ao expediente o volante de empadramento no que conste a data de alta.

A sección de deportes revisará os expedientes de solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir da data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, se entendera que desiste da súa solicitude, previa resolución que haberá de ser dictada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

D- Convocatoria:

Unha vez publicadas as Bases, o alcalde, ou en caso de delegación, concelleiro delegado da área, acordará a convocatoria de bolsas de deportistas de nivel do Concello de Cambre para o ano 2020.

De dita convocatoria se dará traslado a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 20 da lei xeral de subvencións.

E- Prazo de solicitude:

O prazo de presentación de solicitudes será de un mes a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no *Boletín oficial da Provincia* a través da BDNS, do cal se dará publicidade na páxina web municipal.

De forma excepcional poderanse admitir solicitudes fóra deste prazo cando concorran algún dos seguintes supostos:

- 1.- O deportista solicitante acceda a probas de nivel (nacionais ou internacionais) por clasificación en probas menores logo do prazo de solicitude.
- 2.- O deportista solicitante sexa seleccionado durante a tempada para probas de nivel (nacionais ou internacionais) despois do prazo de solicitude.

F- Comisión de avaliación:

As solicitudes das bolsas serán estudadas e valoradas por unha comisión de avaliación que estará formada por:

Presidente:	Alcalde ou persoa en quen delegue
Secretaría:	Secretaría xeral do concello ou funcionario en quen delegue
Vogais:	Concelleiro delegado de Cultura, Deportes e Xuventude Coordinador de Cultura e Educación ou funcionario en quen delegue

G- Concesión das bolsas:

Previamente á concesión, comprobarase de oficio que os posibles bolseiros se encontran ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, e resolverá o outorgamento das bolsas o alcalde, ou en caso de delegación, concelleiro delegado da área, logo da proposta da comisión de avaliación segundo os seguintes criterios:

1.- Proxecto deportivo para a presente tempada (nivel, categoría e número de competicións): ata 35 puntos divididos en tres subcriterios:

- Nivel máximo de competición:
11,68 puntos campionato do Mundo/Olímpico
7,77 puntos campionato de Europa
3,88 puntos campionato internacional
- Categoría:
11,66 puntos sénior
7,77 puntos xuvenil/junior (previo a sénior) /veterano
3,88 puntos resto de categorías
- Número de probas:
11,66 puntos de asistencia a 10 ou máis probas federadas
7,77 puntos asistencia entre 5 e 9 probas federadas
3,88 puntos asistencia a menos de 5 probas federadas

2.- Implantación e importancia da modalidade deportiva no eido nacional: ata 20 puntos.

Tomarase como referencia o número de licenzas federadas, de cada deporte, do ano 2019 segundo a publicación do Consello Superior de Deportes. Ao deporte de maior implantación se lle outorgaran 20 puntos e ao resto proporcionalmente.

3.- Resultados obtidos na tempada anterior á da solicitude: ata 20 puntos.

- 20 puntos por clasificacións entre os tres primeiros do campionato do Mundo/Olímpida /Europeo.
- 15 puntos por clasificacións entre o 4º e 10º de campionatos do Mundo/Olímpida/ Europeo.
- 12 puntos por clasificacións (finais) entre os tres primeiros en campionato /copa de España.
- 10 puntos por clasificacións entre os tres primeiros en probas de rango internacional.
- 5 puntos por clasificacións entre o 4º e o 10º en campionatos de España.

4.- Achega económica propia para o desenvolvemento do proxecto/ competición: ata 20 puntos. Tomarase como referencia a aportación económica propia que debe facer cada deportista para cubrir o seu proxecto 2020. Ao deportista con maior aportación económica se lle outorgarán 20 puntos e ao resto proporcionalmente.

5.- Outros méritos que valorará a comisión: ata 5 puntos. Valoráranse outros méritos non contemplados nos criterios anteriores como concesión de becas deportivas de outras administracións, convocatorias seleccións, estar becado en centros de alto rendemento.....

H- Obrigas do beneficiario:

1.- Realizar o proxecto deportivo obxecto da bolsa, é dicir, ter competido, no ano da convocatoria, en eventos/probas deportivas de relevancia nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións e sempre que este acceso sexa por selección, por clasificación directa en probas menores ou por acreditar unha marca mínima.

2.- Sinalar a súa condición de bolseiro deste programa nas competicións ou actividades nas que participe, e facer constar de maneira visible o escudo e lenda "Concello de Cambre".

3.- Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a axuda, coa presentación da seguinte documentación xustificativa:

- Memoria descritiva da tempada realizada e dos resultados obtidos.
- Certificación orixinal da Federación deportiva correspondente, acreditativa da participación nas probas e da clasificación obtida, no que consten as datas e lugar da súa realización.
- Documentación acreditativa da publicidade do Concello de Cambre nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeo...).
- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

- Relación completa dos gastos da actividade, con identificación respecto a cada factura do emisor e número de documento, concepto, importe, data de emisión e data de pagamento.

En particular terase en conta as seguintes regras:

- Se consideran gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade deportiva subvencionada.
- Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
- Nas viaxes que se realicen por mor da actividade e competicións, admitiranse como gastos subvencionables os de desprazamento, aloxamento e os de alimentación.
- Cando o gasto xustificativo que se presente polo bolseiro/a por desprazamento, o sexa a través de liquidacións por indemnizacións en concepto de desprazamentos efectuados polo mesmo, deberá aportarse certificado federativo ou certificado do club, segundo o caso, acreditativo da relación entre as datas dos desprazamentos efectuados e as actividades deportivas ou competicións. En todo caso as liquidacións haberán de contar cunha descrición desagregada dos desprazamentos realizados, motivo de cada un dos desprazamentos, quilómetros percorridos, traxecto realizado, etc., e tratarse de gastos propios do bolseiro/a, para que sirvan de xustificante válido de gasto realizado.

En todo caso, o aboamento dos gastos deberá realizarse polo beneficiario a través de entidade financeira.

- Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas referidas a gastos efectuados no exercicio 2020. As facturas deberán especificar de forma detallada, o número, concepto e características dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos. É dicir, non se terán en consideración como gastos validamente xustificadas os importe das facturas nas que non conste desglose adecuado dos produtos adquiridos e o prezo unitario de cada un deles, e nos que non sexa identificable a súa natureza e vinculación ao proxecto deportivo.

No momento da súa presentación, antes de facer a fotocopia, sobre o orixinal deberá estenderse dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gastos para a obtención dunha subvención do Concello de Cambre.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación do concello e ás de control financeiro que lle corresponde á intervención municipal.

5.- Comunicarlle ao concello, tan pronto como se coñeza, a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.

6.- Participar en actividades ou campañas de difusión ou promoción do deporte que poida realizar a Concellaría de Deportes.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento ou coa apertura do expediente de reintegro da subvención indebidamente percibida.

I- Notificación e publicidade da resolución:

A resolución da concesión das bolsas dictarase polo alcalde, ou en caso de delegación, concelleiro delegado da área, nun prazo máximo de tres meses dende a finalización do prazo de solicitude, e procederase a dar publicidade no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello (www.cambre.org), así como á notificación individual aos beneficiarios, nun prazo máximo dun mes dende a data da resolución.

L- Xustificación e pagamento:

Os bolseiros deberán xustificar a realización do proxecto deportivo mediante a presentación, no rexistro de entrada, da documentación conforme ao apartado H.3. das presentes bases.

O prazo de presentación da xustificación comezará a contar dende o día seguinte ao da comunicación da concesión da bolsa, e rematará o 1 de outubro de 2020.

Finalizado o prazo sen que o bolseiro/a presentase a documentación xustificativa, o departamento de Deportes requiriralle para que no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente, en virtude do disposto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

A sección de deportes revisará a xustificación presentada e verificará que conteña a documentación esixida conforme ao formulario aprobado. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir da data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, se entendera que desiste da súa solicitude, previa resolución que haberá de ser dictada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Entenderase que o desistimento conleva a perda do dereito á percepción da bolsa concedida

Vista a documentación xustificativa presentada, a Concellería de Deportes valorará se se cumpriu a finalidade da subvención e propondrá a aprobación da xustificación presentada, o recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria, ao Alcalde, que ditará resolución ao respecto.

Para aqueles deportistas que non cumpran na súa totalidade, o proxecto deportivo por mor de lesión derivada da práctica deportiva, entenderase cumprida a finalidade básica da subvención, aboándose un máximo do 40% da subvención concedida, previa valoración da concellería de Deportes.

A renuncia á bolsa por forza maior, deberá comunicárselle ao concello tan pronto como se produza.

O importe da bolsa concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade. En tal caso reducirase a aportación municipal de forma proporcional.

M - Incorporación ao Rexistro publico de subvencións e publicación da subvención concedida

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, así como o importe da subvención efectivamente percibida, resolucións de reintegros e sancións impostas, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Disposición adicional primeira

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Cambre, e demais normativa aplicable.

Segundo: Aprobar o gasto por importe de quince mil euros (15.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2020 341 48910 Bolsas deportistas.

Terceiro: Aprobar os modelos normalizados de solicitude e xustificación da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2020, que se relacionan a continuación:

**“FORMULARIO DE SOLICITUDE
BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE 2020**

DATOS INTERESADO

Nome: _____ NIF: _____
Idade: _____ Enderezo: _____ CP: _____
Tlf.: _____ Correo- electrónico: _____

DATOS REPRESENTANTE

Nome: _____ NIF: _____
Enderezo: _____ Código postal: _____ Municipio: _____
Tlf.: _____ Correo- electrónico: _____

DATOS DEPORTIVOS

Especialidade deportiva:
Licencia Federativa nº:
Categoría:
Club ó que pertence:
Enderezo do club:

Cambre, ____ de _____ de 2020

Asinado:

Achegarase xunto a este formulario:

- copia compulsada da licenza federativa para a tempada 2020**
- Certificación de datos bancarios**

A presentación da solicitude conleva a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións de que o solicitante estea ao corrente das súas obrigas coa AEAT, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia, en aplicación do disposto no artigo 20.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, na tramitación do expediente.

- Non autorizo (neste caso achegarase a documentación correspondente).

ALCALDE DO CONCELLO DE CAMBRE



HISTORIAL DEPORTIVO 2019

Competición	Categoría/nivel	Datas/lugar	Posto
-------------	-----------------	-------------	-------

*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			

Selo e Vº e Prace da Federación deportiva



PROXECTO DEPORTIVO 2020

Competición	Data e Lugar	Categoría	Nivel
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ORZAMENTO ESTIMADO DA TEMPADA

GASTOS

Licenzas :

Materias :

Desprazamentos :

Outros :

TOTAL:

INGRESOS

Achega propia :

Achega Club :

Achega Federación :

Bolsa Concello :

Outras bolsas :

Patrocinadores :

TOTAL:

Cambre, ___ de _____ de 2020.

Asdo.: _____



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Don/ dona _____, con DNI _____,
_____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de bolsas de deportistas,
durante o ano 2020, do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

1.-Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.

2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición
de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

Cambre, ___ de _____ de 2020.

Asdo.: _____



FORMULARIO DE XUSTIFICACIÓN
BOLSAS PARA DEPORTISTAS DE NIVEL DO CONCELLO DE CAMBRE 2020

DATOS PERSOAIS

Nome:

NIF:

Enderezo:

CP:

Tlf. móbil:

Tlf. fixo:

Correo- electrónico:

Achégolle a documentación xustificativa que acredita o cumprimento da finalidade para que se me conceda a axuda, segundo o establecido no apartado H.- das bases da presente convocatoria (BOP núm. , do de 2020), e para o abonamento da bolsa concedida.

Cambre, ___ de _____ de 2020

Asinado:

Achegarase xunto a este formulario:

- Xustificación dos gastos realizados mediante a presentación das facturas orixinais ou copias cotexadas
- Acreditar a publicidade do concello de Cambre nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeos..)

Sr. Alcalde do Concello de Cambre



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

	Páxina
1.- Memoria da Tempada.....	3
2.- Certificación da participación nas probas obxecto da convocatoria.....	4
3.- Resumo de gastos realizados.....	5
4.- Declaración de axudas e cumprimento da finalidade da bolsa.....	6



MEMORIA DA TEMPADA

(Descrición de non máis de dous folios das actividades deportivas desenvolvidas polo bolseiro durante o ano 2020, que sexan de interese á hora de comprobar a efectiva realización do obxecto a subvencionar, tales como entrenamentos, competicións, cursos aos que asisten, concentracións, etc. O obxectivo da Memoria é xustificar o cumprimento do proxecto deportivo para o cal se concedeu a bolsa)



Don/ dona _____, con DNI _____

, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de bolsas de deportistas, durante o ano 2020, do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

1.-Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.

2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

En Cambre, de _____ de 2020.

Asinado: _____

Cuarto: Publicar os presentes acordos no *Boletín oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Quinto: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobadas as Bases da convocatoria de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre para o ano 2020, e publicárase no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Sexto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación definitiva das Bases.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 20 de febreiro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.7. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta – 01:52:18 horas

Non se tratou este punto da orde do día.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta – 01:52:20 horas

Non se tratou este punto da orde do día.

2.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta – 01:52:21 horas

Non se tratou este punto da orde do día.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta – 01:52:23 horas

Non se tratou este punto da orde do día.

3.2. Rogos

Acceso á videoacta – 01:52:24 horas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/985 o día 21 de febreiro de 2020.

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:52:31 horas

Lee o rogo dona Marta María Vázquez Golpe.

Teñen sido varias as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular tense interesado, a requirimento dos nosos veciños, pola pavimentación das vías públicas, competencia que todos os municipios deben prestar conforme co disposto no artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E é a nosa obriga poñer en coñecemento dos servizos municipais aquelas deficiencias observadas, como as existentes na rúa Francisco Añón, da cambresa parroquia do Temple, cuxo mal estado, tal e como se observa na fotografía que se achega, ten provocado caídas nestes últimos días.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se solicite do concelleiro competente que se adopten as medidas de observación e estudo das nosas vías públicas, especialmente das beirarrúas existentes no noso municipio, adoptando as medidas necesarias para a súa debida conservación e reparación, entre elas, as deficiencias observadas na rúa Francisco Añón no Temple.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:53:36 horas

Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Mentres o equipo de goberno vende nos medios de comunicación os “logros” futuros que están por vir en materia de banda longa, o certo e verdade é que, a día de hoxe, o mantemento das instalacións e infraestruturas de telefonía deixa moito que desexar no noso municipio, especialmente na zona rural.

De aí que, en zonas como Altamira, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, a caída de postes de telefonía converta aos cables de subministración telefónica nun auténtico perigo tanto para vehículos como para peóns e transeúntes ao quedar estes situados en distintos lugares a baixa altura e incluso a ras do chan.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se solicite que se adopten as medidas oportunas para resolver os problemas advertidos á maior brevidade posible.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, dá conta das actuacións realizadas.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:55:54 horas

Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Tralo expurgo levado a cabo nas bibliotecas de Cambre e o traslado dos fondos bibliográficos, material, mobiliario e persoal dende a Biblioteca Central de Cambre á súa nova localización na Casa da Cultura, as previsións de apertura desta última situábanse a finais do mes de xaneiro, como o demostra a programación de actos previstos para este mes de febreiro.

Dende hai uns días, a páxina web do concello informa que as actividades para os máis pequenos previstas para o día 19 deste mes na Biblioteca Central de Cambre, trasládanse ao salón de plenos do concello.

Para a concelleira de Cultura o atraso na apertura da Biblioteca Central de Cambre respecto da data inicialmente prevista débese a algúns “imprevistos”, sen precisar a todos os veciños de Cambre cales son e que entidade teñen eses “imprevistos”.

Tendo en conta os prexuízos que están sendo ocasionados aos usuarios da Biblioteca Central de Cambre co desmantelamento das instalacións na súa antiga localización desde o pasado 23 de decembro, isto é, dous meses sen Biblioteca Central en Cambre, a concelleira de Cultura informou da imposibilidade de concretar as datas de apertura previstas para as novas instalacións da Casa da Cultura, á vista dunha serie de “imprevistos” que parecen ter xurdido.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se requira ao equipo de goberno e en particular á concelleira de Cultura, para que deixen de confundir aos veciños e desvelen cales son os auténticos motivos que impiden a inauguración da Casa da Cultura de Cambre cun máis que notable atraso.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, dá conta dos problemas existentes.

3.3. Preguntas

Acceso á videoacta – 01:59:14 horas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/986 o día 21 de febreiro de 2020.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:59:18 horas

Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Son numerosos os veciños e usuarios dos nosos camiños e estradas os que nos amosan as súas queixas sobre a penosa situación na que se atopan moitos deles. Neste último mes de febreiro as ditas queixas téñense concentrado no estado no que se atopan os camiños, rúas e estradas existentes en torno ao polígono do Espírito Santo. A deficiente pavimentación, a proliferación de fochancas, así como o penoso parcheo que se está levando a cabo, tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, obrigan ao Grupo Municipal Popular, a preguntar ao concelleiro competente, en defensa da seguridade viaria, se se van adoptar medidas a curto prazo e cales para mellorar a situación actualmente existente na contorna do polígono do Espírito Santo.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:00:15 horas

Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

O pasado luns 17 de febreiro, varios concelleiros e traballadores dos Concellos de Cambre e Carral, asistiron a unha reunión coa directora xeral de Igualdade da Xunta de Galicia para, ao seu xuízo, “seguir dando pasos en firme para crear o Centro de Información á Muller (CIM)”, con pretensións de poñelo en funcionamento ao ano que vén. Boa noticia se non fora porque esta vense repetindo sucesivamente dende o ano 2015.

En manifestacións aos medios de comunicación a concelleira de Benestar Social explicou que a posta en marcha deste servizo “é unha das nosas máximas prioridades, xa que se trata dunha das grandes demandas das veciñas do municipio.”

Así mesmo, informouse que o referido CIM estará situado nas novas instalacións de Servizos Sociais na Barcala (rehabilitadas de urxencia a principios da pasada lexislatura para despachos), no que se prestará atención psicolóxica, asesoramento xurídico, orientación profesional, información e asesoramento en igualdade de oportunidades. O que deberá prestarse por persoal cualificado, un dos motivos polos que o Sr. alcalde de Cambre xustificaba a imposibilidade de posta en funcionamento.

Para a súa creación a propia Secretaría Xeral de Igualdade e a Xunta de Galicia prevén unha liña de subvencións ás que, segundo nos explicou a propia concelleira de Benestar Social, Cambre non ten podido acceder este ano ao non posuír a acreditación necesaria para iso.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunte á concelleira de Benestar Social como é posible que sendo a creación dun CIM en Cambre unha das prioridades do equipo de goberno (que se atopa gobernando máis dunha lexislatura), non se ten solicitado e obtido con anterioridade, a acreditación para poder concorrer ás subvencións da Xunta de Galicia para a súa creación.

Dona Lúa Sanguineo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:05:55 horas

Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

Nos últimos meses temos asistido aos primeiros pasos da constitución dunha nova asociación de empresarios no noso municipio, denominada “Cambre Empresarial”. Á vista da necesidade de reactivar o tecido económico do noso municipio, castigado duramente en tempos de crise, así como ao tradicional e necesario apoio que debe darse desde as administracións públicas á creación de emprego e á reactivación económica, por un lado, e ao asociacionismo por outro, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro de Desenvolvemento Socioeconómico sobre o apoio e colaboración dada desde o noso concello á referida nova asociación empresarial e o marco de colaboración previsto con ela no futuro próximo.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta a pregunta.

Preguntas de EU-Son en Común presentadas oralmente

Acceso á videoacta – 02:07:45 horas

Dona María Olga Santos López, dado que as preguntas teñen sido presentadas fóra de prazo, as formula de forma oral, dándolles lectura, que segundo o disposto no artigo 115.1.g), último parágrafo do Regulamento orgánico municipal, serán tratadas e contestadas na sesión ordinaria seguinte:

1ª pregunta – Despois de 5 anos de atraso e o novo anuncio da Consellería de Infraestruturas amosando a súa disposición a realizar as obras comprometidas en Sigrás, sempre que se lle faciliten os terreos, atopámonos nun círculo vicioso no que o Goberno de Cambre non resposta as comunicacións da Xunta, afirmando que é a Xunta a que debe expropiar. Dende a Xunta indícase que Cambre debe cumprir o seu compromiso de poñer a disposición os terreos necesarios para executar as obras.

Ante esta disputa competencial, pedimos a resposta precisa e concreta sobre esta pregunta: Cando o Concello de Cambre perdeu a súa competencia para expropiar, da que dispoñía, por poñer un exemplo similar, cando se executou a rúa do cemiterio?

2ª pregunta – Por diante de concellos como Culleredo ou Oleiros, en Cambre temos 212 persoas inscritas á espera dunha vivenda de protección. O actual Goberno non cumpre nin o seu compromiso de asinar un escrito de colaboración cos grupos tal e como dixo de palabra no pleno de decembro. A absoluta falta de interese nos problemas de vivenda social en Cambre é unha característica máis dun Goberno alleo ás políticas sociais.

Isto non é opinión: En setembro de 2016, un ano despois de entrar no Goberno UxC e PSOE, no concello tiñamos 167 veciños inscritos no Rexistro Único de Demandantes do instituto Galego de Vivenda e Solo. A día de hoxe son 212 as persoas inscritas.

Un 28% aumentou o número de demandantes de vivenda protexida en catro anos, un dato demoledor, e que deixa de manifesto a ausencia de calquera tipo de política orientada a inverter esta tendencia, máis ao contrario, incrementándoa de xeito preocupante para todos excepto para os nosos gobernantes.

Dende 2015, ao de comezo do Goberno de UxC e PSOE e ata o día de hoxe:

Cantas vivendas protexidas están efectivamente construídas no Concello de Cambre, que xa estean a disposición dos veciños e veciñas do concello que as precisan?

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e dez minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Maria Luisa de la Red Ampudia